

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 28 DE XULLO DE DOUS MIL DEZASEIS.

No salón de sesións da Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas do día vinte e oito de xullo de dous mil dezaseis, presidida polo señor alcalde, D. Darío Antonio Piñeiro López, e coa asistencia dos concelleiros e concelleiras D. Pablo Rivera Capón, D^a. Begoña López Magdalena, D. José Manuel García Aldegunde, D. Óscar Rodríguez Somoza, D. Santiago Cubillas Álvarez, D^a Asunción Núñez Valcárcel, D. Daniel Antonio Fernández Fernández, e D. Iago Bande Cortizo reuníuse o pleno do concello, para realizar a sesión ordinaria. Dá fe do acto a secretaria do Concello D^a Mónica Vázquez Fandiño.

Non asisten os señores concelleiros D. José Manuel Neira Castro do grupo municipal popular e D. Carlos Fernández Díaz do grupo municipal mixto.

Aberto o acto pola Presidencia procédese a tratar da seguinte

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior de 30/05/2016.

Pola presidencia pregúntase aos señores concelleiros se teñen algunha alegación que facer en relación coa redacción da acta da sesión de referencia. Non producíndose ningún reparo nin alegación a acta é aprobada por unanimidade de concelleiros asistentes.

2.- Dar conta PMP 2º trimestre 2016.

Polo señor alcalde deuse conta da información subministrada á Oficina Virtual das Entidades Locais, en cumprimento das obrigas introducidas pola LO 2/2012, de 27 de abril en relación ó período medio de pago, definido posteriormente no RD 635/2014, de 25 de xullo, como o indicador que mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos;

2º trimestre 2016

Ratio pagadas	Ratio pendentes	Periodo medio de pago	Importe total pagado	Importe total pendente
-6,62	-15,91	-7,24	191.230,05	13.501,27

O pleno quedou enterado.

3.- Dar conta Informe seguimento Plan de Axuste 2º Trimestre 2016, e último.

Deuse conta do informe de intervención remitido á Oficina Virtual das Entidades Locais relativo ó seguimento e finalización do Plan de Axuste

"INFORME DE INTERVENCIÓN DE EVALUACIÓN DEL PLAN DE AJUSTE 2º TRIMESTRE 2016

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 10 del Real Decreto-ley 7/2012, de 9 de marzo, por el que se crea el Fondo para la Financiación de los Pagos a Proveedores, las Entidades locales que concierten las operaciones de endeudamiento previstas en este real decreto-ley, deberán presentar anualmente al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas un informe del interventor sobre la ejecución de los planes de ajuste contemplados en el artículo 7 del Real Decreto-ley 4/2012, de 24 de febrero. De dicho informe se dará cuenta al Pleno de la Corporación Local.

El presente informe de seguimiento del plan de ajuste deberá referirse a 30.06.2016 y remitirse antes del 31/07/2016.

A estos efectos, en el art. 10.3 de la Orden HAP/2105/2012, de 1 de octubre, por la que se desarrollan las obligaciones de suministro de información previstas en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera desarrolla el contenido mínimo, que estará compuesto de lo siguiente

a) Resumen trimestral del estado de ejecución del presupuesto. Si se trata de Corporaciones Locales incluidas en el ámbito subjetivo de los artículos 111 y 135 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales también se incluirá información referida a la previsión de liquidación del ejercicio, considerando la ejecución trimestral acumulada.

b) Ejecución de las medidas de ingresos y gastos previstas en el Plan y, en su caso, de las medidas adicionales adoptadas.

c) Comparación de los detalles informativos anteriores con las previsiones contenidas en el Plan para ese año y explicación, en su caso, de las desviaciones.

A la vista del avance de la liquidación del presupuesto del año 2015, y de los datos grabados en la plataforma que obran en la Oficina virtual de coordinación financiera de las Entidades Locales y de conformidad con el artículo 4.1.h) del Real Decreto 1174/1987, de 18 de septiembre, por el que se regula el Régimen Jurídico de los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito el siguiente

INFORME

PRIMERO. Ejecución de las medidas de Gasto e Ingresos previstas en el Plan y otras medidas adicionales adoptadas y no previstas en el

mismo.

Medidas de Ingresos Propuestas:

- Medida nº 1; No han existido supresión de bonificaciones ni de exenciones en ningún impuesto.

Medidas de Gastos Propuestas:

- Medida nº 1: No se produce la subida del tipo impositivo de tipo de gravamen.

- Medida nº 3: Implantadas las medidas, excepto en lo relativo a control de los presupuestos de obras menores, aunque en el último trimestre del ejercicio se comprueba que así sea.

- Medida nº 5: No se aplican la totalidad de las ordenanzas municipales, vados, expedición de documentos,

Medidas Adicionales adoptadas y no previstas en el Plan de Ajuste:

- Ninguna

SEGUNDO. Los cálculos del remanente de tesorería y des resto de magnitudes presupuestarias son derivados de los datos de la contabilidad municipal con ocasión de la liquidación de 2016 con los datos que arroja la aplicación informática.

DEUDA VIVA:

Deuda viva a 30/06/2016:	
A corto plazo (operaciones de tesorería):	0 €
A largo plazo:	127.028,76 €
Operación endeudamiento RDL 4/2012:	0,00 €
Resto operaciones endeudamiento a largo plazo:	127.028,76 €

AHORRO NETO:

Presupuesto 2016	
+ Capítulos 1 a 5 del Estado de ingresos del ejercicio	1.573.976,67 €
- Capítulos 1, 2, 3, y 4 del Estado de gastos del ejercicio	1.322.754,04 €
= Ahorro Bruto	251.222,63 €
Ahorro Neto (Ahorro bruto menos amortizaciones)	225.761,10 €

REMANENTE DE TESORERÍA:

1	Derechos pendientes de cobro (+)	627.351,40 €
2	Obligaciones pendientes de pago (-)	157.821,09 €
3	Fondos líquidos a fin de ejercicio (+)	660.072,98 €
4	Remanente de Tesorería (1-2+3)	1.129.603,29 €

Concello de Lánacara

5	Saldo de dudoso cobro (-)	176.435,61 €
6	Exceso de financiación afectada (-)	0,00 €
7	Remanente de Tesorería para gastos generales (4-5-6)	953.167,68 €

— Saldo de las obligaciones pendientes de aplicar al Presupuesto de gastos a 31 de diciembre de 2015: 0 €

— Saldo de devoluciones de ingresos pendientes de aplicar al Presupuesto a 31 de diciembre de 2015: 0 €

En el Plan de Ajuste se fijaron unos objetivos que realmente no se han conseguido, pues en el año 2013 el Ayuntamiento incumplió el principio de estabilidad presupuestaria.

La liquidación del ejercicio 2015 ha constatado el cumplimiento de los parámetros que exige la normativa vigente

— El límite de deuda,

— El objetivo de estabilidad presupuestaria,

— La regla del gasto

— El período medio de pago a proveedores,

Por este motivo, en el Pleno de 31/03/2015 se autorizó una modificación de crédito con cargo al remanente líquido de tesorería, por importe de 55.616,30 euros, con destino a amortizar deuda, cancelando el préstamo concertado con el ICO para la financiación del Plan de Pago a Proveedores.

Lo que se informa en cumplimiento de lo dispuesto en el Real Decreto- ley 4/2012, de 24 de febrero, por el que se determinan obligaciones de información y procedimientos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para el pago a los proveedores de las entidades locales motivado en las desviaciones apreciadas.

Por lo que este es el último informe de seguimiento del plan de Ajuste del ayuntamiento de Lánacara por haberse cancelado la totalidad de la deuda sin necesidad de refinanciación.

A Pobra de San Xiao (Lánacara), 19 de julio de 2016

La interventora

Mónica Vázquez Fandiño"

O pleno quedou enterado.

4.- Dar conta do Estado de Gastos da Feira de Ano.

O señor alcalde da conta dos gastos da Feira da Tenreira e da Festa

Concello de Lánacara

dos Avós xa que conta que xa estean todas as facturas presentadas:

- gastos Festa da Tenreira: 18.726 euros
- gastos Festa dos Avós: 5.400 euros

5.- Dar conta do expediente do Camiño de Santa Mª de Lama.

O señor alcalde da conta do conflito existente en relación a este expediente no que consta informe do Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, D. Marcos Vázquez Marey, que é do seguinte teor literal:

"INFORME SOBRE DELIMITACIÓN DE CAMIÑO NO LUGAR DE AIREXE, PARROQUIA DE A LAMA.

MOTIVACIÓN: Solicitud de veciños do lugar de Airexe, asinado por Mª Victoria Álvarez e Gloria Melle, que piden a delimitación dun camiño e tala de árbores.

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO, material e métodos.

a) Que se comproba toda a documentación gráfica e cartográfica que obra nestas oficinas, que é:

- Fotografías do PNOA.*
- Cartografía catastral recente.*
- Cartografía catastral antiga.*
- Cartografía oficial da Xunta de Galicia a escala 1:5000.*
- Cartografía do SIXPAC e SIGPAC.*
- Cartografía do PXOM.*
- Padrón de rústica e urbana do Concello de Láncara*

SEGUNDO, sobre a identificación do ben afectado

Unha vez consultados os datos que se citan, identifícase con plena claridade a situación do problema proposto no escrito das veciñas solicitantes, que versa entorno á invasión do camiño con referencia catastral no polígono 10 con parcela 9062, referenciado tamén no plano de estradas aprobado polo PXOM municipal e con definición de alineacións no plano de núcleos do PXOM.

TERCEIRO, sobre a visita ao lugar.

Que se visitou o lugar para a toma de reportaxe fotográfica, acompañado do Sr. alcalde do Concello e de dous traballadores municipais, D. José Álvarez e D. Miguel Díaz.

INFORME:

INTRODUCCIÓN

Tal e como se aprecia no plano de núcleos rurais tradicionais aprobado polo PXOM, o camiño motivo deste informe aparece delimitado e cunha anchura de 8 metros.

Na reportaxe fotográfica vese, na fotografía nº 1, que, a lo menos, un dos carballos invade a vertical do camiño, e, na fotografía nº 3, apréciase como os vehículos de tránsito corrente por esa vía (que

Concello de Láncara

poden ser camiós de transporte de penso, tractores, colleitadoras, etc), rozan de forma notoria contra un dos carballos.

Tamén se ve puido comprobar que existe un sumidoiro de recollida de augas pluviais (fotografía 2), que comunica coa rede de canalizacións que están distribuídas polo lugar, o cal indica ata onde chega, a lo menos, a vía pública.

O día da visita non se apreciou ningún outro elemento que invadira a vía.

CONCLUSIÓNS:

Tendo en conta todo o que se expuxo, deberíase facer un levantamento topográfico e posterior replanteo baseado na cartografía oficial do PXOM (aprobado definitivamente en febreiro de 2013), para recoñecer ata onde chega con precisión a vía pública, e, no caso de que os carballos invadan a vía pública, como todo parece indicar, deberanse adoptar as medidas oportunas, que poden ser a poda (na maioría dos casos), ou incluso a tala nalgún dos casos.

Láncara, 27 de xullo de 2017

Visto e praxe

O técnico

O alcalde

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Darío Antonio Piñeiro López

Marcos Vázquez Marey

ANEXOS

Anexo 1, planos de información do PXOM.

Anexo 2, fotográfico.

ANEXO 1

VISTA NO PLANO DE REDE VIARIA DO CONCELLO APROBADA POLO PXOM

VISTA DO PLANO DE NÚCLEOS DO CONCELLO (Nº 11)

ANEXO 2

FOTOGRAFICO

FOTOGRAFÍA Nº 1, na que se aprecia como un dos carballos invade a vertical da traza actual do camiño.

FOTOGRAFÍA Nº 2, sumidoiro conectado coa rede de canalizacións existentes no lugar.

FOTOGRAFÍA Nº 3. Carballo donde rozan algúns vehículos dos que transitan pola vía".

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez, di que xa veremos despois que solución se adopta.

O pleno quedou enterado.

6.- Proposta de alcaldía de apoio á petición formulada polos veciños da parroquia de Abragán do Concello de O Corgo.

Deuse lectura á proposta de alcaldía epigrafada que é do seguinte teor literal:

“Proposta de alcaldía de apoio á petición formulada polos veciños da parroquia de Abragán do Concello de O Corgo

O día 21 de xullo entrou no rexistro do Concello un escrito asinado por varias familias dos lugares de Coedo e Lago, parroquia de Abragán do Concello de O Corgo.

No citado escrito expoñen as razóns de cercanía xeográfica que lles levan a considerar que os lugares Coedo e Lago deben ser considerados da zona educativa do CPI Ramón Piñeiro situado en A Pobra de San Xiao por parte da Consellería de Educación, razón que fan extensiva a todos os escolares da parroquia de Abragán de O Corgo, cos beneficios que lles reportaría en canto a transporte escolar ata o citado centro educativo.

Sinalan que a realidade xa é esta, que dende hai varios anos todos os nenos dos lugares de Coedo e Lago da parroquia de Abragán de O Corgo xa acuden de forma voluntaria ó CPI Ramón Piñeiro de A Pobra xa que lles queda moito máis cerca que o CEIP de O Corgo, polo que solicitan que o Concello de Lánacara se pronuncie perante a Xefatura Territorial de Educación en apoio da súa solicitude.

Polo exposto, expónse ó Pleno

Primeiro.- Manifestar o noso apoio á solicitude formulada polos veciños dos lugares de Coedo e Lago, parroquia de Abragán do Concello de O Corgo, para que a Xefatura territorial de Educación inclúa eses lugares na zona educativa do CPI Ramón Piñeiro de A Pobra de San Xiao (Lánacara).

Segundo.- Dar traslado deste acordo ós veciños interesados e á Xefatura Territorial da Consellería de Educación”.

O señor Bande Cortizo, concelleiro do BNG, di que no salón de sesión hai dous exalumnos e que no CPI Ramón Piñeiro hai sitio dabondo.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez, di que dende ligo xeograficamente a eses país cáelles mellor.

De seguido, o pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (9) en votación ordinaria, acorda, prestar aprobación á transcrita proposición de alcaldía resolvéndoa nos seus propios termos.

7.- Declaración de deserto do cargo de Xuíz de Paz Substituto.

Deuse lectura á proposta de alcaldía epigrafada que é do seguinte teor literal:

"Declaración de deserto do cargo de xuíz de paz substituto

O pasado día 14 de marzo de 2016 tivo entrada no rexistro xeral do Concello un oficio da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia instando ó Concello a iniciar expediente para a elección de Xuíz de Paz Substituto logo da renuncia de dona Mariña Fernández Pestonit.

Tramitado o expediente, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincial de Lugo número 98 de 29 de abril de 2016, non se presentou solicitude algunha

Polo exposto, propónse que o Pleno

Declarar deserto o cargo de Xuíz de Paz Substituto do Concello de Láncara, dando conta deste acordo á Sala de Goberno do tribunal Superior de Xustiza de Galicia".

Ó non promoverse o debate, o pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (9) en votación ordinaria, acorda, prestar aprobación á transcrita proposición de alcaldía resolvéndoa nos seus propios termos.

8.- Aprobación da Conta Xeral 2015.

O Pleno examina o ditame da Comisión Especial de Contas en sesión realizada o 30 de maio de 2016 que resulta do teor literal seguinte:

"1º.- Informe da Conta Xeral do Orzamento do exercicio 2015.

Dando cumprimento ao ordeado pola Alcaldía, e de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, 212 do TRLFL, a Comisión Especial de Contas, examinou minuciosamente a Conta Xeral do Presuposto de 2015 desta Corporación, con todos os documentos que a xustifican e que forman parte dela, á que se refire o artigo 209 do TRLFL e regras 80 e 81 da Instrución de Contabilidade, e da que se desprende o seguinte resultado:

1º- Balance de Situación pechado a 31 de decembro de 2015,

ACTIVO

Inmobilizado intanxible	1.688,60
Inmobilizacións materiais	6.855.344,14
Debedores orzamentarios	441.491,99
Dededores non orzamentarios	5.487,23
Tesourería	660.072,98

TOTAL ACTIVO

7.968.021,51

PASIVO

Patrimonio neto	7.540.296,53
Resultados de exercicios anteriores	6.673.746,57
Outras débedas a longo prazo	245.442,36
Débedas a curto prazo con entidades de crédito	24.461,53
Outras débedas a curto prazo	153.436,97
Fianzas e depósitos recibidos a curto prazo	4.384,12
Acredores orzamentarios	77.970,27
Acredores non orzamentarios	45.484,58
Administracións públicas	29.982,12

TOTAL PASIVO 7.968.021,51

2º.- Conta de resultados do exercicio 2015, co seguinte resumo:

DEBE	
GASTOS	1.496.329,98
- De persoal	-726.437,09
- Transferencias e subvencións	-11.985,20
- Outros gastos xestión ordinaria	-757.907,69

HABER	
INGRESOS	1.703.563,50
- Tributarios e urbanísticos	713.432,06
- Transferencias e subvencións recibidas	950.737,50
- Prestación de servizos	34.220,95
- Outros ingresos de xestión ordinaria	5.172,99

3º.- Liquidación dos dereitos a cobrar e obrigas a pagar procedentes de orzamentos pechados, do que resulta:

ESTADO DE GASTOS

Obrigas pendentes de pago a 31 de decembro de 2015	36.838,50
--	-----------

ESTADO DE INGRESOS

Dereitos pendentes cobro a 31 decembro 2015	277.507,82
---	------------

4º.- Estado de Tesourería do exercicio 2015, que é o seguinte:

Existencias iniciais	664.016,85
Total cobros	2.582.940,80
Total pagos	2.586.884,67
Existencias finais	660.072,98

Unha vez examinada convenientemente a documentación, e confrontada coa conta en cuestión, esta Comisión, por catro votos a favor que se corresponden cos señores concelleiros do Grupo Municipal Socialista, Popular e do BNG e unha abstención do do señor concelleiro de CxG acordou emitir un informe favorable, propoñendo ao Pleno a súa aprobación, sen necesidade de novo informe de non presentarse á mesma reparos ou observacións en prazo, previo cumprimento dos demais requisitos legais”.

Deixada constancia segundo consta no informe da intervención que que a aprobación da conta xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela, nen xera responsabilidade por razón das mesmas, o pleno do Concello, por unanimidade dos señores concelleiros asistentes (10), en votación ordinaria, acorda, prestar aprobación á Conta Xeral 2015.

9.- Proposta de alcaldía relativa á aprobación do Calendario laboral 2017

Deuse lectura á proposta que se transcribe que é do seguinte teor literal:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO CALENDARIO LABORAL 2017.

Coma todos os anos compre enviar á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria antes do vindeiro 30 de setembro a proposta dos dous días de festa local en todo o termo municipal,

Coma todos os anos, pola Alcaldía propónse a declaración coma Festas Locais para o ano 2017, as seguintes:

Día	Motivo
28 de febreiro	Martes de Entroido
21 de agosto	Luns de San Roque

Polo exposto, propónse ó Pleno

Propoñer como festivos locais para o vindeiro ano de 2017 os anteriormente referenciados”.

Ó non promoverse o debate, o pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (9) en votación ordinaria, acorda, prestar aprobación á transcrita proposición de alcaldía resolvéndoa nos seus propios termos.

10.- Expediente modificación de créditos nº 9: concesión

Concello de Lánacara

créditos extraordinarios e suplementos de créditos.

O señor alcalde da conta da memoria que xustifica esta modificación, así como a súa financiación con cargo ó remanente líquido de tesourería por importe de 16.380,66 euros.

A/ Concesión de créditos extraordinarios (Aplicacións non dotadas no orzamento)

Aplicación orzamentaria	Consignación antes de este expediente	Aumento que se propon	Total consignación resultante	FINS A QUE SE DESTINAN OS NOVOS E CAUSAS DA SUA NECESIDADE
	Euros	Euros	Euros	
342.633.02	6.666,22	4.088,61	10.754,83	Solar térmica Polideportivo
337.633.01	7.479,17	2493,05	9.972,22	Caldeira Polifuncional Campo da Feira
161.780	-	6.000,00	6.000,00	Abastecemento veciñal
231.780		2.299,00	2.299,00	Casa do Pombo Vigo de Galegos
Total créditos extraordinarios		14.880,66		

B/ Suplemento de crédito (Aplicacións dotadas insuficientemente).

Aplicación orzamentaria	Consignación antes de este expediente	Aumento que se propón	Total consignación resultante	FINS A QUE SE DESTINAN OS NOVOS E CAUSAS DA SUA NECESIDADE
	Euros	Euros	Euros	
231.461	1.500,00	1.500,00	3.000,00	Transferencia CIM Sarria 2015
Total suplementos de crédito		1.500,00		

a/ Con cargo o remante líquido de Tesourería:

	EUROS
Remanente líquido de Tesorería, o comenza-lo exercicio (1)	953.167,68
Disposto por Expediente -----	
Disposto por Expediente nº 1/2016	7.525,48
Disposto por Expediente nº 03/2016	55.616,30
Disposto por Expediente nº	0,00
Remanente dispoñible nesta data-----	890.025,90
Cantidade que se precisa empregar nesta data-----	16.380,66
Diferencia: cantidade de Remanente sobranter-----	873.645,24

Concluído o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (9), en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar a proposta de modificación de créditos referida, debendo ser aplicadas as devanditas cantidades ás partidas que se refliten na memoria que motivou o expediente, e que se expresan a continuación

A/ Concesión de créditos extraordinarios (Aplicacións non dotadas no orzamento)

Aplicación orzamentaria	Consignación antes de este expediente	Aumento que se propon	Total consignación resultante	FINS A QUE SE DESTINAN OS NOVOS E CAUSAS DA SUA NECESIDADE
	Euros	Euros	Euros	
342.633.02	6.666,22	4.088,61	10.754,83	Solar térmica Polideportivo

Concello de Lánara

337.633,01	7.479,17	2493,05	9.972,22	Caldeira Polifuncional Campo da Feira
161.780	-	6.000,00	6.000,00	Abastecemento veciñal
231.780		2.299,00	2.299,00	Casa do Pombo Vigo de Galegos
Total créditos extraordinarios		14.880,66		

B/ Suplemento de crédito (Aplicacións dotadas insuficientemente).

Aplicación orzamentaria	Consignación antes de este expediente	Aumento que se propón	Total consignación resultante	FINS A QUE SE DESTINAN OS NOVOS E CAUSAS DA SUA NECESIDADE
	Euros	Euros	Euros	
231.461	1.500,00	1.500,00	3.000,00	Transferencia CIM Sarria 2015
Total suplementos de crédito		1.500,00		

a/ Con cargo o remante líquido de Tesourería:

	EUROS
Remante líquido de Tesorería, o comenza-lo exercicio (1)	953.167,68
Disposto por Expediente -----	
Disposto por Expediente nº 1/2016	7.525,48
Disposto por Expediente nº 03/2016	55.616,30
Disposto por Expediente nº	0,00
Remante dispoñible nesta data-----	890.025,90
Cantidade que se precisa empregar nesta data-----	16.380,66
Diferencia: cantidade de Remante sobran te-----	873.645,24

Coas modificacións propostas, o resumo POR CAPÍTULOS do Estado de Gastos do Presuposto quedaría como segue:

	CAPÍTULOS	Consignación antes deste expediente	Aumentos por créditos extraordinarios ou suplementos	Baixas por anulación total ou de créditos	Total da consignación resultante
		Euros	Euros	Euros	Euros
1	Gastos de Persoal	680.983,21			680.983,21
2	Gastos en bens correntes e servizos	726.782,91			726.782,91
3	Gastos Financeiros	5.000,00			5.000,00
4	Transferencias Correntes	1.500,00	1.500,00		3.000,00
6	Investimentos Reais	387.455,23	6.581,66		394.036,89
7	Transferencias de Capital	0,00	8.299,00		8.299,00
9	Pasivos Financeiros	81.077,83			81.077,83

	TOTAL INFORME	DO	1.882.799,18	16.380,66		1.899.179,84
--	------------------	----	--------------	-----------	--	--------------

Segundo.- Que se continúe a tramitación do expediente, coa inmediata exposición ó público, a efectos de exame e reclamacións.

Terceiro.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este, considerárase definitivamente aprobado, sin máis trámite, debendo cumprirse, a publicación no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

11.- Proposta de modificación da base 19ª das de execución do presuposto para 2016.

Deuse lectura á proposta de alcaldía que se transcribe:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA BASE 19ª DAS BASES DE EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO MUNICIPAL

A base 19ª das Bases de execución do presuposto para 2016 dispoñía que non se dotaban subvencións nominativas por telas prohibidas no Plan de Axuste.

Rematada a dita prohibición po cancelación do plan de Pago a Proveedores procede darlle outra redacción que é a que se propón, incluíndo dúas subvencións nimitativas no orzamento municipal de 2016

"Base 19ª.- Subvencións nominativas

As subvencións serán concedidas previa solicitude dos interesados; para a determinación da condición de beneficiario estarase ao que dispón o artigo 11 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, admitíndose tal condición das agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aún carecendo de personalidade xurídica, podan levar a cabo proxectos, actividades ou comportamentos ou que se atopen na situación que motiva a concesión da subvención, previo cumprimento do requirido no artigo 11.3 parágrafo segundo da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

A documentación a presentar xunto coa solicitude, a documentación xustificativa da subvención, os requisitos para adquirir de condición de beneficiario e outras cuestións que se plantexen no proceso de concesión e xustificación da subvención serán resoltas por aplicación dos preceptos da Lei 38/2003 e o que dispoña a Ordenanza Reguladora de concesión de subvencións do Concello de Lánacara.

De conformidade co previsto no artigo 22.2 da Lei 38/2003, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, nos termos

recollidos nos convenios que a tales efectos se celebren de conformidade co previsto no artigo 28 da Lei 38/2003.

Para o exercicio de 2016, tramitaranse polo procedemento de concesión directa as subvencións que sexan solicitadas polas seguintes entidades, persoas físicas ou xurídicas que se citan a continuación, tendo como límite as cantidades que seguen, de conformidade coa consignación presupostaria da correspondente partida

Partida	Nome Asociación	Euros
161.780	Abastecemento veciñal	6000
231.780	Francisco Díaz Sobrado Casa do Pombo	2.299,00

Polo exposto, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da base 19ª das bases de execución do vixente presuposto municipal consignando nominativamente as subvencións seguintes co seguinte importe:

Partida	Nome Asociación	Euros
161.780	Abastecemento veciñal	6000
231.780	Francisco Díaz Sobrado Casa do Pombo	2.299,00

Segundo: Exposición ao público durante quince días hábiles, mediante anuncios a inserir no taboleiro de edictos do concello e no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións polos interesados lexítimos, de conformidade con canto se dispón no artigo 169.1 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais; dispoñendo que de non formularse reclamacións en tempo hábil, a aprobación inicial acordada elevarase a definitiva sen máis trámite”.

Ó non promoverse o debate, o pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (9) en votación ordinaria, acorda:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da base 19ª das bases de execución do vixente presuposto municipal consignando nominativamente as subvencións seguintes co seguinte importe:

Partida	Nome Asociación	Euros
161.780	Abastecemento veciñal	6000
231.780	Francisco Díaz Sobrado Casa do Pombo	2.299,00

Segundo: Exposición ao público durante quince días hábiles, mediante anuncios a inserir no taboleiro de edictos do concello e no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións polos interesados lexítimos, de conformidade con canto se dispón no artigo 169.1 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais;

dispoñendo que de non formularse reclamacións en tempo hábil, a aprobación inicial acordada elevarase a definitiva sen máis trámite.

12.- Proposta de nomeamento de Fillo Predilecto de Lánacara a don Raúl Castro, presidente de Cuba.

O señor alcalde da conta do erro existente na orde do día, xa que a proposta de alcaldía debe referirse ó nomeamento de Fillo Adoptivo, e non de predilecto, xa que esa distinción está reservada para as persoas nadas en Lánacara, e no caso de Raúl Castro, quen naceu en Lánacara foi seu pai. O señor alcalde expón que se puxo en contacto con el unha asociación de Cuba que ten parentesco coa familia Castro e pediulle dúas cousas, manifestar o apoio ó levantamento do embargo e o nomeamento de Raul Castro como Fillo Predilecto, e a intención é aproveitar que a filla de Raúl Castro ven a Lánacara en outubro. Queremos despois negociar facernos coa casa. Xa en 2008 fixemos algún intento para facer un museo.

O concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo pregunta se aparte destes contactos con esta Asociación se hai outros co Consulado ou coa Embaixada.

O señor alcalde di que si, pero que a filla de Raúl Castro está moi vinculada a esta asociación.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez, di que se serve para promocionar Lánacara parécelles ben.

Concluído o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (9), en votación ordinaria, acorda nomear Fillo Predilecto de Lánacara a don Raúl Castro.

13.- Dar conta das Resolucións de alcaldía

Deuse conta dos decretos desde o 2 de maio de 2016, número 69 ata o 30 de xuño de 2016, co número 109.

O pleno tomou coñecemento.

14.- Asuntos de urxencia

O señor alcalde da conta neste punto das resolucións de alcaldía que resolven as alegacións presentadas por Diurbagal Galicia, SL, e polo equipo redactor do Plan Xeral ós acordos do pleno de 30 de maio.

15.- Mocións.

O señor alcalde da conta dos escritos presentados como mocións polos grupos que xa no pleno pasado se lle deron tratamento de rogo seguindo o criterio de secretaría.

O concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo, manifesta que proposta de actuación é todo, que a definición legal de moción e de rogo é bastante ambigua, que non entende que medo hai e debatir e votar

estas mocións.

O alcalde dille que medo ningún, que se trata de cumprir coa legalidade vixente.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez, puntualiza tamén as diferencias entre mocións resolutivas e as non resolutivas, que neste pleno tense debatido e votado sobre moitas cousas, levamos un ano presentando mocións deste tipo, e agora mocións iguais non as deixas ler.

O alcalde, non as deixei ler como mocións, si como rogo, o que non deixei foi votalas.

O concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo, di que esta decisión baease nunha recomendación do valedor do pobo, nin é lei, nin regulamento.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez, di que cre que houbo arbitrariedade do alcalde, non lle gustaban as mocións e quixo sacalas de diante, criticounas todo o que quixo e non as deixou ler.

A secretaria toma a palabra e aclara que asuntos teñen cabida no punto de mocións das sesións ordinarias, e son as do 91.4º do ROF, e non hai nesta sesión ningunha moción deste precepto.

O concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo, pregunta si en todos os concellos de Galicia presentan erroneamente as mocións.

A secretaria dille que probablemente si. Eu informo ó alcalde cando facemos a orde do día que tratamento lle debe dar a eses asuntos. É baixo a miña discrecionalidade técnica, nunca arbitrariedade, a que leva ó señor alcalde a darlle tratamento de rogos. Arbitrariedade é unha cousa e emitir un xuízo técnico é outra.

O concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo, pregunta si é vinculante.

A secretaria contesta que cando un alcalde segue o criterio técnico suponse que fai o correcto.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez, pregunta si pasou algo por levar un ano facéndoo mal.

A secretaria dille que son acordos nulos de pleno dereito.

O concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo, di que votar é a máxima expresión do debate, non estamos falando da execución.

O alcalde di que veña, non pasa nada. Adiante, lean as mocións.

15.1.- MOCIÓN do concelleiro do BNG sobre a situación do Camiño das Costas na Barboa

O señor Bande Cortizo da lectura á moción que se transcribe:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O camiño das Costas, que sae da Barboa e remata na pista que sae de Sebrín cara o cruce coa pista entre Vilaleo e Chao atopase nun pésimo estado de conservación, cun firme moi irregular e cunha anchura mínima, que co paso da maquinaria de traballo vai empeorando ano tras ano. A pesar da importancia social do camiño co acceso a gran cantidade de fincas, a súa anchura mínima e o mal estado do firme impide un normal desenvolto do traballo agrícola e gandeiro da zona.



Polo exposto, o BNG de Láncara somete á consideración do pleno o seguinte:

ACORDO

Que o Alcalde deste Concello realice as xestións oportunas e, con fondos propios ou doutras administracións, acometa a rexeneración".

Promovido o debate prodúcese as seguintes intervencións:

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez, manifesta que está de acordo.

O señor alcalde di que este camiño discorre por camiños que non son públicos.

O concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo, di que en catastro aparece como vía de comunicación de dominio público.

O señor alcalde di que preguntou ós técnicos do concello e que ese camiño para en monte vecinal.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez, di que boa proba de que non toman en consideración as nosas mocións é que non se tomou a molestia de comprobar si é público ou privado.

O señor alcalde di que o seu grupo vaise abster e pedir un informe

Concello de Láncara

técnico sobre a titularidade do camiño.


Sometido a votación, o pleno do Concello, por catro votos a favor dos concelleiros do grupo municipal popular e do BNG, e cinco abstencións dos concelleiros do grupo municipal socialista, en votación ordinaria, acorda, prestar aprobación á moción do BNG sobre o Camiño das Costas na Barboa.

15.2.- MOCIÓN do BNG sobre a situación do vello camiño que une Outeiro e a Pedreira

O señor Bande Cortizo da lectura á moción que se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O vello camiño que comunica Outeiro coa Pedreira, que da servizo tanto a explotacións gandeiras coma varias fincas, atópase nun estado de conservación que impide un acceso seguro aos camiões e maquinaria necesaria tanto para a explotación coma as fincas colindantes. Por outra parte, hai un corte de pequenas dimensións na metade do camiño que une os dous núcleos, impedindo a apertura dunha nova saída na Pedreira.



Polo exposto, o BNG de Lánacara somete á consideración do pleno o seguinte:

ACORDO

Que o Alcalde deste Concello realice as xestións oportunas e, con fondos propios ou doutras administracións, acometa a rexeneración do camiño, para que poida ser transitable pola maquinaria necesaria para o traballo das explotacións e do agro”.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez, di que lle parece ben.

O señor alcalde dille que esta actuación pode traer problemas cos veciños.

O concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo, di que entón por qué os

Concello de Lánacara

veciños piden que se mellore o camiño.

Sometido a votación, o pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (9), en votación ordinaria, acorda, prestar aprobación á moción do BNG sobre a situación do vello camiño que une Outeiro e a Pedreira.

15.3.- MOCIÓN do BNG sobre a situación do camiño que une Souto e Outeiro (Muro).

O señor Bande Cortizo da lectura á moción que se transcribe:

“MOCIÓN sobre a situación do camiño que une Souto e Outeiro (Muro)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O camiño que comunica Souto e Outeiro, en Muro ten un tramo de 465 metros aproximadamente que se atopa nun pésimo estado de conservación, cun firme moi irregular e cunha anchura mínima, que co paso da maquinaria de traballo vai empeorando ano tras ano. Dentro deste tramo, nun intervalo de 100 metros, a situación é de completo abandono. A pesar da importancia social do camiño, que vertebra Muro ca acceso a gran cantidade de fincas, a súa anchura mínima impide un normal desenvolto do traballo agrícola e gandeiro da zona



Polo exposto, o BNG de Láncara somete á consideración do pleno o seguinte:

ACORDO

Que o Alcalde deste Concello realice as xestións oportunas e, con fondos propios ou doutras administracións, acometa a

rexeneración do camiño, para que poida ser transitable pala maquinaria necesaria para o traballo das explotacións e do agro”.

Aberto o debate prodúcense as seguintes intervencións:

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Non é un camiño dos prioritarios pero parecenos ben”.

Do voceiro do grupo municipal socialista, señor Rivera Capón: “Aquí o problema é que o camiño non ten anchura suficiente en todos os puntos para que pase calquera tipo de maquinaria agrícola, tería que ensancharse. O problema é que se fala cunha parte e non coas outras”.

O concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: “Os traballos sempre se empezan por unha parte. É un problema de xestión”.

Do voceiro do grupo municipal socialista, señor Rivera Capón: “De xestión si pero hai que solucionalo”.

Sometido a votación, o pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (9), en votación ordinaria, acorda, prestar aprobación á moción do BNG sobre a situación do camiño que une Souto e Outeiro en Muro.



15.4.- Moción do grupo municipal popular sobre a pista de acceso a Villarín-A Cortella-Furco.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez, le a moción epigrafada que é do seguinte teor literal:

“MOCIÓN SOBRE A PISTA DE ACCESO A VILLARÍN-A CORTELLA-FURCO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A pista que parte dende a estrada LU-636 e chega a Furco, pasando por Villarín e A Cortella, atópase nun estado lamentable, chea de baches e coas beiras sen desbrozar. Aproximadamente son 3,6 Km que constitúen a vía de comunicación fundamental desas aldeas, e un acceso ao Concello de Triacastela.



Por tanto, o PP de Láncara propón o seguinte ACORDO:
Que se adopten medidas urxentes de reparación e desbroce nesa pista, para que se poda transitar co seguridade”.

Aberto o debate prodúcense as seguintes intervencións:

Do señor alcalde: “É lamentable que traigades esta moción. A señora alcaldesa de Triacastela e Elena Candia asinaron un convenio para poñerlle aglomerado ó tramo de Triacastela, por qué non nolo deu a nós?”

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Ó mellor foi para Muro”.

Do señor alcalde: “Andamos bacheando. Non sei se tardarán unha semana ou dúas”.

Do señor concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: “Pensei que coa boa sintonía que existe na Deputación entre os vosos grupos este tema estaría zanzado. Gustaríame que se continúen as solicitudes de expedientes que estaban case rematados pola área de Cultura, que xestionaba o BNG. Sobre o contido da moción paréceme ben”

Do voceiro do grupo municipal socialista, señor Rivera Capón: “Os acordos fanse entre todas as partes, cando unha delas non quere formar parte do acordo no último momento alegando cuestión estranas é preocupante”.

Sometido a votación, o pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (9), en votación ordinaria, acorda, prestar aprobación á moción do grupo municipal popular sobre a pista de acceso a Villarín-A Cortella-Furco.

15.5.- Moción do grupo municipal popular sobre instalación de contenedores para depositar refugallos especiais.


O concelleiro do grupo municipal popular, señor Fernández Fernández, le a moción epigrafada que é do seguinte teor literal:

“INSTALACIÓN DE CONTENEDORES PARA DEPOSITAR REFUGALLOS ESPECIAIS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O PP de Láncara está comprometido co medio ambiente e así o reflexabamos no noso programa electoral.

Facémonos eco das demandas dos veciños e por carecer de contenedores nos núcleos de poboación para depositar refugallos tales como cd, pilas botón, pilas alcalinas, bombillas, cartuchos de impresora, etc.



Propoñemos ó pleno o seguinte ACORDO

Instamos o goberno local a que instale tales dispositivos de recollida, ben con fondos propios ou solicitando colaboración a outras administracións.

Aberto o debate prodúcense as seguintes intervencións:

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: “Está implantado en moitos concellos e está dando moi bos resultados”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Moitos establecementos xa teñen este tipo de contenedores. O coste é pequeno, incluso hai subvencións”.

Do señor alcalde: “Estamos de acordo, temos pendente sacar o servizo de recollida do lixo, aquí o coste é da entrega do residuo a xestor”.

Sometido a votación, o pleno do Concello, por unanimidade de

concelleiros asistentes (9), en votación ordinaria, acorda, prestar aprobación á moción do grupo municipal popular sobre instalación de contenedores para depositar refugallos especiais.

16- Rogos e preguntas

O concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo pregunta si está prorrogado o contrato de mantemento do alumeado público.

O alcalde dille que por carga de traballo non se sacou aínda a licitación. O máximo do actual é un ano.

O concelleiro do grupo municipal popular, señor Fernández Fernández pregunta por qué está pechado o bar da Praia fluvial.

O señor alcalde di que non houbo que o quixera, nin siquiera de balde.

Abrése un pequeno debate sobre as vías posibles de explotación dese quiosco (xestión por asociación sen ánimo de lucro, contrato laboral,...).

O concelleiro do grupo municipal popular, señor Fernández Fernández pregunta por qué non se fixo aínda a ducha exterior da Praia?

O señor alcalde di que estamos pendentes dunha axuda para elo.

E non sendo outro o obxecto deste debate levántase a sesión ás vinte e dúas horas e dez minutos, do que eu, secretaria da Corporación redacto a presente acta, dou fe.

Documento asinado electrónicamente á marxe